<b>Recursos e materiais</b>	Selección de cancións e xogos en galego relacionadas coas festas tradicionais mencionadas.		
Objetivo: Acercar ao noso alumnado á literatura galega			
<b>Acción 1</b>	Facer gozar ao noso alumnado coa escoita de contos tradicionais en galego		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Descubrir e coñecer contos tradicionais en galego.</b>		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización en colaboración co equipo de Biblioteca		
<b>Recursos e materiais</b>	Maleta con contos da literatura tradicional.		
<b>Acción 2</b>	Celebrar o día de Rosalía de Castro		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Coñecen a Rosalía de Castro e a súa importancia en Galicia.</b>		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización		
<b>Recursos e materiais</b>	Recursos varios para elaborar un mural sobre Rosalía de Castro, poemas, cancións .		
<b>Acción 3</b>	Semana das Letras Galegas : Coñecer ó autor homenaxeado .		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Coñecer algúns aspectos do autor homenaxeado.</b>		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización		
<b>Recursos e materiais</b>	Contos, imaxes, fotografías, bailes, información en web, blogues, etc.		

<b>Obxectivo: Dinamizar o uso da lingua galega de xeito diario</b>			
<b>Acción 1</b>	Lograr o emprego da lingua galega en momentos diarios: nas rutinas de entrada e saída, nos cantos da entrada do patio...		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>emprego da lingua galega</b>		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización		
<b>Recursos e materiais</b>	Tarxetas diversas con imaxe e nome para as rutinas, cancións,...		
<b>Acción 2</b>	Crear recursos educativos en galego		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Adquirir o coñecemento da nosa lingua de xeito lúdico.</b>		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización		
<b>Recursos e materiais</b>	Elaborar materias e recursos en galego:tarxetas,murais,xogos		
<b>Obxectivo: Realizar as comunicacións oficiais do centro en galego tanto para a administración coma para a comunidade educativa</b>			
<b>Acción 1</b>	Comunicarse en galego		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Lograr unha comunicación en galego.</b>		
<b>Responsables</b>	Equipo de dinamización		
<b>Recursos e materiais</b>	Ordenadores, notificacións, páxina web, blogue.		

## 16. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

### 16.1. CONSTITUCIÓN DO DO

<b>Nome Xefa</b>	
Carmen Gómez Pérez	
<b>Nome membros</b>	<b>Especialidade</b>
Mar Martínez Pontevedra	PT
Adrián Deiros Cal	AL
Mar Blanco Crespo	Profesora de apoio á EI
Ana Vidal Martínez	Profesora de apoio á EI
Selina Pazos Mariño	Coordinadora 2º ciclo EI

## 16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Nesta escola impártese o 2º ciclo de Educación Infantil, exclusivamente, o que lle confire un carácter propio que vai facer da prevención e detección temperá unha das liñas prioritarias do seu enfoque educativo.

Conta con 6 unidades de Educación Infantil en funcionamento, distribuídas do seguinte xeito:

- Dous grupos de 4º EI, con 28 alumnos/as.
- Dous grupos de 5º EI, con 34 alumnos/as.
- Dous grupos de 6º EI, con 39 alumnos/as.

A miúdo na etapa de Educación Infantil, o alumnado aínda non ten un diagnóstico definitivo, habitualmente están en proceso de valoración. É unha etapa decisiva para a detección de necesidades e intervención temperá, estando previsto atender a vinte oito alumnos/a de atención a Necesidades Específicas de Atención Educativas, 20 cun Programa de Intervención Individualizado, existindo varios nenos e nenas con desfases madurativos e retrasos no desenvolvemento da linguaxe, dislalias múltiples de tipo fonolóxico, alumnado extranxeiro e en situación de vulnerabilidade socioeducativa. Todo elo á espera da realización da avaliación inicial dos 27 alumnos e alumnas do nivel de 4º de EI. Temos de Necesidade Educativas Especiais catro alumnos, e dúas alumnas a esta data, número que se pode ver incrementado pois hai alumnado que está sendo atendido polos servizos sanitarios, derivados a atención temperá, que aínda non teñen un diagnóstico pechado:

- En 4º de Educación Infantil hai un alumno cunha discapacidade do 35%, por Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento e retraso severo da linguaxe
- En 5º de Educación Infantil hai dous alumnos e unha alumna. Un cunha discapacidade sensorial, outro cunha discapacidade do 37% con diagnóstico de Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento e trastorno da linguaxe e unha alumna cunha discapacidade do 36% por Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento e retraso severo da linguaxe.
- En 6º de Educación Infantil, un alumno cun grao de discapacidade do 36% diagnosticado cunha cromosomopatía con delación 4q25q28.3 que presenta retraso no desenvolvemento e unha alumna cun grao de discapacidade do 36% diagnosticada con artrogripopsis conxénita con luxación de cadeira e subluxacións de rótula e Síndrome de Zard que flexibiliza un ano mais na nosa escola.

### 16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

O Plan Xeral de Atención á Diversidade da escola recolle as liñas xerais que enmarcan a atención á diversidade e as actuacións a desenvolver para a adecuación da resposta educativa á totalidade do alumnado.

Ao comezo de cada curso, o departamento de orientación elabora esta Concreción Anual, coas actuacións e medidas específicas que se desenvolverán ao longo do curso e que forma parte da presente Programación Xeral Anual.

Na actual Concreción Anual recóllense, pois, as principais medidas de atención á diversidade a desenvolver no presente curso escolar 2022-2023, categorizadas en preventivas e atención temperá, ordinarias e extraordinarias, os profesores responsables de cada actuación, os alumnos/as aos que van dirixidas e a duración previsible. Hai que ter en conta que tales actuacións constitúen o punto de partida, que pode modificarse ao longo do curso para adaptarse aos cambios que se produzan.

Sendo a nosa escola de Educación Infantil, será unha das nosas prioridades deseñar e poñer en práctica **accións preventivas e de detección temperá**, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade do alumnado.

Cara á prevención e detección de posibles dificultades de aprendizaxe establécense as seguintes accións:

- Avaliación inicial de todo o alumnado, que ten por obxecto establecer un proxecto curricular que se axuste á realidade de cada un.  
Levarase a cabo, ao principio de curso, e no caso de comezo de escolaridade cumprimentarase coa información da familia a través dunha entrevista inicial.  
Ante cambio de titora antes de finalizar a etapa, a recompilación relevante virá dada do análise do informe final de nivel aportado polo titora do ano anterior.
- Valoración fonoarticulatoria do alumnado que presente dificultades, a partir de 5º curso para ser atendidas de xeito temperá.
- Programa de Técnicas de Estimulación Oral (TEO) a desenvolver con todos os niveis, unha sesión semanal, no derradeiro trimestre en 4º EI, durante todo o ano en 5º EI e no primeiro e segundo trimestre en 6º EI, destinando tan só catro sesións semanais do horario da profesora de Audición e Linguaxe xa que o resto será utilizado para atencións individualizadas dado o elevado número de alumnado con dificultades no ámbito da linguaxe. Terá por obxecto o deseño de situacións de aprendizaxe nas que os nenos e nenas poidan empregar elementos básicos da comunicación oral, como a escoita atenta, o establecemento de quendas, darlle coherencia a un discurso, servir á secuenciación das propias accións, empregar formas de cortesía básicas, xerar ideas, modelar a conducta, favorecer propostas ou expresar opción e defendelas, entre outras.

**Medidas de atención educativa ordinaria** que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo ao contexto sociocultural e ás características do alumnado, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Teñen como finalidade dar resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidos.

Desenvolvendo as seguintes:

- ✓ Adecuación da estrutura organizativa da escola (horarios, agrupamentos, espazos)
- ✓ Adaptación da organización e xestión da aula ás características do alumnado de cada aula.
- ✓ Adecuación das programacións didácticas á realidade da nosa contorna e alumnado.
- ✓ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos, patios dinámicos e outras medidas que promovan a inclusión dentro do grupo-clase.
- ✓ Individualización do ensino
- ✓ Aprendizaxe significativo, dando prioridade ás aprendizaxes que sexan máis funcionais e importantes para o desenvolvemento integral do alumnado, de cara a que adquiera os obxectivos mínimos de Educación Infantil.
- ✓ Programación de actividades que permitan realizacións a distinto nivel, adecuadas ás diversas posibilidades do alumnado, variadas e adaptadas aos intereses que poderían desenvolverse por recantos.
- ✓ Aplicación de recursos materiais diversos en función das diferentes necesidades: materiais manipulativos e materiais gráficos que supoñan un referente concreto para aquelas aprendizaxes máis abstractas
- ✓ Os recursos empregados deberán potenciar o uso do maior número de sentidos por parte do alumnado para que a aprendizaxe sexa máis eficaz
- ✓ Será fundamental o reforzo baseado na actividade do alumnado. Este deberá construír o seu propio coñecemento proporcionándolle todas as axudas precisas, axudas que se irán retirando paulatinamente na medida en que vaia superando dificultades.
- ✓ Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- ✓ Reforzo educativo da súa profesora titora, do profesorado de apoio a Educación Infantil e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, profesorado que leva a cabo tarefas de apoio e atención á diversidade en función das necesidades presentadas nos distintos grupos.

**Medidas de atención educativa extraordinaria**, que serán postas en marcha unha vez que se comprobe que non foron suficientes as medidas ordinarias para dar resposta ás necesidades do alumnado.

- ✓ Reforzo Educativo con apoio. Esta medida contempla o apoio temporal do profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou en Pedagogía Terapéutica. Para que se produza este tipo de atención, será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada polo departamento de orientación.

Ditos apoios teñen como referentes os principios de inclusión e normalización e desenvolveranse, na medida do posible, integrados nas accións educativas ordinarias do grupo de referencia, levándose a cabo na aula ordinaria. En función das necesidades do alumnado e das adaptacións curriculares establecidas poderanse, excepcionalmente, facer intervencións diferenciadas, debidamente temporalizadas, fóra da aula.

A proposta de atención ao alumnado con neae (horarios e modalidades) será elaborada polo profesorado especializado (PT e AL) en xuntanza coa orientadora; será presentada ao profesorado afectado para o seu coñecemento e consideración. De aquí deberá xurdir a proposta definitiva de prestación do servizo de apoio, que a orientadora facilitara á Dirección.

- ✓ Flexibilización do período de escolaridade. A escolarización en educación infantil poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral en función, respectivamente, das necesidades educativa especiais ou das altas capacidades intelectuais do alumnado, despois da avaliación psicopedagóxica correspondente.

No caso do alumnado con altas capacidades intelectuais, a flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas que permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe.

- ✓ Adaptacións curriculares individuais (ACI). Refírense ao conxunto de decisións que toma o profesorado desde a programación de aula para elaborar unha proposta educativa para o alumnado con necesidades educativas especiais, co fin de dar resposta as súas necesidades. En función do seu contido, distinguimos entre:

- Adaptacións de Acceso ao Currículo: consisten en modificacións ou provisión de recursos formais (espazo e tempo), materiais, persoais e de comunicación que van facilitar que o alumnado con nee poida acceder ao currículo ordinario ou, no seu caso, ao currículo adaptado.
- Adaptacións Curriculares: As Adaptacións Curriculares Significativas (ACS) modifican elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, que poderán ser readaptados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados. Diríxense ao alumnado que, por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír

calidades excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia. Estarán precedidas, en todo caso, dunha avaliación das necesidades educativas especiais e da conseguinte proposta curricular específica, e se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave. A avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

#### 16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

DATAS	TAREFAS	RESPONSABLES	RECURSOS
SETEMBRO	Constitución do Departamento de Orientación	XD Orientación	
	Período de Adaptación do alumnado de 4º de E.I.	Titoras	Recollida do cuestionario inicial das familias
	Valoración das necesidades iniciais	Departamento de Orientación	Informes do curso anterior
	Elaboración da proposta da organización dos apoios para o alumnado con neae	Dirección, XD Orientación, AL e PT	Reunións co profesorado Elaboración do horarios
OUTUBRO	Realización da concreción anual do PXAD	XD Orientación	Informes do ano anterior
	Elaboración do Plan Orientación Educativa	XD Orientación, PT e AL	Reunión departamento
	Elaboración da proposta do Plan de Acción Tutorial	XD Orientación	XD Orientación
	Becas para neae do Mec	XD Orientación	Cubrir e revisar os datos da instancia neae do Mec presentadas
	Elaboración dos Programas de Intervención	XD Orientación, PT, AL e titoras	DRIVE
	Participación nas sesións da avaliación inicial	Dirección e titores (dirixen) Profesorado especialista PT, AL e XD orientación (asesora e apoia)	Actas avaliación inicial
	Elaboración dos Plans de Apoio	XD Orientación, profesoras de apoio e titoras	

NOVEMBRO	Revisar e actualizar os recursos do Departamento de Orientación, en especial os materias de apoio e avaliación	XD Orientación	Creación inventario Presuposto anual
	Reunións de coordinación pedagóxica	XD Orientación e Claustro	Colaborar na elaboración da concreción curricular anual Datos do alumnado
	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da avaliación iniciais	XD Orientación	Informes obtidos na 1ª avaliación
	Cubrir o DRadi	XD Orientación	DRadi
DECEMBRO	Participación nas sesións da 1ª avaliación	Dirección e titores Profesorado especialista PT, AL e XD orientación	Informes obtidos na avaliación inicial Actas avaliación inicial
XANEIRO	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación	Informes obtidos na 1ª avaliación
FEBREIRO	Reunións de coordinación pedagóxica	XD Orientación e Claustro	Colaborar na elaboración da concreción curricular anual Datos do alumnado
MARZO	Valoración de ACNEAE que soliciten praza por esa quenda	XD Orientación EOE	Informes do alumnado
	Participación nas sesións da 2ª avaliación	Xefatura de estudos e titores Profesorado especialista PT, AL e XD orientación	Informes obtidos na 1ª avaliación Actas 2ª avaliación
ABRIL	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 2ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación, AL, Pt e profesoras de apoio	Informes obtidos na 2ª avaliación
MAIO	Reunión co CEP adscrito para información do ANEAE que pasa a Educación Primaria.	XD Orientación, Dirección e titoras de 6º EI e futuras titoras 1º de Primaria	Elaborar un informe co número de alumnado con neae cunha breve descrición das necesidades de ambos cursos
	Visita ao CEP adscrito de alumnado en transición á Educación Primaria.	XD Orientación Titoras de 6º	Coordinación co centro adscrito
	Aplicación do BADYG ao alumnado de 6º EI con dificultades	XD Orientación	Recursos do departamento
	Participación nas sesións da	Xefatura de estudos e	Informes obtidos na 2ª

XUÑO	avaliación final	titores Profesorado especialista PT, AL e XD orientación	avaliación Actas avaliación final
	Elaboración da memoria do departamento	XD Orientación	Información recollida ao longo do curso escolar
	Cubrir o DRDorienta	XD Orientación	DRDorienta
	Elaboración da previsión do neae para o curso 2023-2024	XD Orientación	Datos de neae
ANUAL	Atender ás demandas das familias e asesoramento	XD Orientación	Recursos do departamento
	Atender ás demandas do profesorado	XD Orientación	Recursos do departamento
	Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes equipos na programación e desenvolvemento de tarefas	XD Orientación	Recursos do departamento
	Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo na escola		Recursos do departamento
	Coordinar a actuación dos diferentes profesionais.	XD Orientación	Reunións
	Coordinar a actuación cos apoios externos do noso alumnado.	XD Orientación	Correos electrónicos, vía telefónica, vídeo chamada.

En base ao horario non lectivo do profesorado, pola tarde nas franxas entre as 17:00 e as 19:00 empregaranse para realizar as labores de coordinación entre as mestre especialista de PT e AL coas titoras, así como co resto do equipo docente. O departamento de Orientación reunirase mensualmente en horario de 16:00 ás 17:00 horas

## 17. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

- Constitución do equipo.

<b>Nome Coordinador/a</b>	<b>Nivel/Especialidade</b>
M del Carmen Gómez Pérez (orientadora)	Seleccione
<b>Nome equipo dinamización de convivencia</b>	<b>Nivel/Especialidade</b>
Mar Blanco Crespo (Directora)	Seleccione
Selina Pazos Mariño (coordinadora Ciclo)	Seleccione

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Ao tratarse a nosa escola dun centro de Educación infantil poderíamos falar de conflitos moi puntuais e de escasa repercusión. Nas actas de Claustro, Consello Escolar e avaliación non se reflicte ningún incidente no ámbito da convivencia. Analizados os indicadores de convivencia os resultados son positivos tanto na convivencia entre o profesorado e alumnado.

É no plano familiar onde, si a caso, nos podemos atopar algún conflito por non querer acatar as normas que rexen o centro escolar, polo que é neste sector no que temos que prestar máis atención.

• <b>Obxectivo:</b> Fomentar as relacións persoais e de convivencia baseadas no respecto mutuo.			
<b>Acción 1</b>	Unha educación que abarque coñecementos e competencias básicas necesarios para unha óptima convivencia na sociedade actual.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Manter actitudes de respecto</b>		
<b>Responsables</b>	Comunidade educativa		
<b>Recursos e materiais</b>	NOF		
• <b>Obxectivo:</b> Axudar a cada alumno ou alumna a sentirse aceptado e integrado.			
<b>Acción 1</b>	integración do alumnado no seu grupo-clase e na escola, procurando unha actuación responsable, tanto na marcha do grupo como na participación activa nas actividades organizadas na escola.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>grado de integración</b>		
<b>Responsables</b>	Equipo docente e non docente.		
<b>Recursos e materiais</b>	Todos aqueles recursos que faciliten a inclusión		
• <b>Obxectivo:</b> Favorecer a convivencia nos diferentes espazos do centro (aula, recreos, corredores...)			
<b>Acción 1</b>	Elaboración de normas de comportamento nos diferentes espazos do centro		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Respecta as normas establecidas nos diferentes espazos</b>		
<b>Responsables</b>	Claustro de profesorado		
<b>Recursos e materiais</b>	Asembleas nas aulas do recordatorio das normas		

- **Obxectivo:** Concienciar e sensibilizar ás familias da importancia da convivencia escolar.

<b>Acción 1</b>	Fomentar a acción titorial para desenvolver a convivencia, climas de confianza e a participación de toda a comunidade educativa na vida da escola		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Participación e cooperación coas familias no mantemento da convivencia.		
<b>Responsables</b>	Comunidade escolar		
<b>Recursos e materiais</b>	Reunións de titorías, informacións ás familias, etc.		

## 18. CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.	Todo o curso	4º,5º,6º	Persoal docente e non docente
Actividades que fomenten a igualdade a través de xogos, actividades e lecturas e que non reproduzan os estereotipos sociais.	Todo o curso	4º,5º,6º	Profesorado
Actividades de sensibilización nas aulas e coas familias	Todo o curso	4º,5º,6º	Titorías
Analizar nas titorías a coeducación para concienciar ás familias de que o sexismo transmíteno aos fillos/as a través da súa conducta e linguaxe.	Todo o curso	4º,5º,6º	Titorías
Revisar a práctica docente desde unha perspectiva de xénero.	Todo o curso	4º,5º,6º	Profesorado
Desenvolver contidos relacionados coa igualdade entre homes e mulleres do xeito máis significativo.	Todo o curso	4º,5º,6º	Profesorado
Revisar o material didáctico empregado na aula	Todo o curso	4º,5º,6º	Profesorado
Actividades xeneralizadas entorno a conmemoracións sinaladas no calendario escolar, con carácter pedagóxico	Todo o curso	4º,5º,6º	Profesorado
Procurar na biblioteca escolar fondos que promovan as lecturas coeducativas.	Todo o curso	4º,5º,6º	Equipo Biblioteca
Difundir comunicados ás familias coidando de non empregar linguaxe sexista.	Todo o curso	4º,5º,6º	Dirección/titorías

## 19. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Plan/Proxecto: PLAMBE			
<b>Descrición do programa</b>	Plan que pretende converter a biblioteca nun lugar dinamizador da actividade curricular a través do desenvolvemento do PDI anual e no motor para desenvolver o Proxecto Lector de Centro e o Plan Anual de Lectura.		
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Converter a biblioteca nun elemento fundamental do proceso de ensino aprendizaxe coordinando todo o traballo arredor do PDI</li> <li>• Ofrecer recursos e orientación ao profesorado</li> <li>• Fomentar a lectura e o desenvolvemento do proxecto lector</li> <li>• Ofrecer recursos, propostas e suxestións ás familias</li> <li>• Integrar as tics na busca da información e na produción e difusión dos traballos realizados</li> <li>• Promover a inclusión en canto ao espazo, aos fondos e ás actividades propostas</li> <li>• Acadar unha avaliación positiva por parte de todos os sectores implicados</li> </ul>		
<b>Cursos implicados</b>	4º, 5º e 6º de E.I.		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	A biblioteca coordina e dinamiza a actividade do centro		
<b>Responsables</b>	Equipo de biblioteca coa colaboración de todo o profesorado nas accións propostas		
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Hora do conto (diariamente)</li> <li>• Libros ao sol (nos recreos do 3º trimestre)</li> <li>• Desdobres de animación á lectura (semanalmente)</li> <li>• Elaborar itinerarios lectores de calidade tanto informativos como literarios.</li> <li>• Colaborar con outros equipos docentes no deseño e realización de propostas</li> <li>• Elaborar producións propias a partires do traballado no PDI e outras suxestións de lecturas</li> <li>• Empregar todos os medios tecnolóxicos e dixitais ao noso alcance para achegar o traballo da biblioteca a toda a comunidade educativa e para acceder á información.</li> <li>• Mochilas Viaxeiras (“libros que van e veñen”)</li> <li>• Guías de lectura para as familias</li> </ul>		

## 20. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.

Seguirase en todo momento as normas establecidas no NOF, onde se indica que :

- ✓ Para a utilización das instalacións do centro por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar, presentarse a solicitude ante a dirección do centro, que pedirá do consello escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á delegación de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da inspección educativa. Para uso

ocasional e con carácter excepcional, a dirección poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.

- ✓ A utilización das instalacións por parte da asociación de pais e nais de alumnos, só require a solicitude previa á dirección do centro cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo consello escolar, se o seu destino é a finalidade propia de dita asociación, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro. Esta autorización está condicionada á dispoñibilidade horaria do persoal de administración e servizos.
- ✓ No caso de que o uso das instalacións implique a entidades ou menores alleos ao centro, deberá solicitarse á Dirección do centro cunha antelación de 15 días, indicando o tipo de actividade, posibles participantes, data e horario de realización, materiais e espazos que se van precisar e persoas responsables.
- ✓ O uso do centro non pode afectar a aquelas partes das instalacións reservadas as tarefas organizativas e administrativas do profesorado e onde exista documentación obxecto de custodia, documentos confidenciais sometidos a secreto profesional

Instalación: INSTALACIÓNS ANPA			
Entidade que a usa	ANPA "OS CAMPOS"		
Participan membros da comunidade educativa	<input type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso			
Instalación: COMEDOR ESCOLAR (madruga)			
Entidade que a usa	ARUME		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	07:30 – 08:55		
Instalación: COMEDOR ESCOLAR			
Entidade que a usa	ARUME		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	13:55 – 16:00		

## 21. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

- Actividades propostas:

ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA	
MÉRCORES	Multideporte
XOVES	Ximnasia rítmica + baile moderno
VENRES	Fútbol
VARIOS DÍAS DA SEMANA	Taekwondo y piscina

## 22. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Darase especial importancia a avaliación en todo o proceso educativo para valorar o funcionamento do centro (resultados académicos, práctica docente, relacións coa comunidade educativa, ...) e buscar solucións oportunas para corrixir, axustar, modificar, etc.

Para valorar as *aprendizaxes que realiza o alumnado* :

Partiremos dunha avaliación inicial, cun cuestionario ás familias complementado por entrevistas individuais para un mellor coñecemento dos nenos/as ao principio do curso escolar para o alumnado que se incorpora por primeira vez ao noso centro.

Ao longo do proceso educativo realizarase unha avaliación continua de carácter formativo na que a observación diaria e o diálogo nas reunións de nivel, de ciclo, da Comisión de Coordinación Pedagóxica, no claustro e no propio Consello Escolar serán os instrumentos principais que nos permitirán ver os progresos, ou non, do alumnado.

Ao final de cada trimestre entregarase ás familias un boletín informativo da situación escolar dos seus fillos e fillas, aínda que lle damos máis importancia ás titorías trimestrais e ao contacto diario con eles para comentar os logros ou dificultades dos nenos e nenas. Tamén, ao remate de cada trimestre, os nenos e nenas levarán á casa os traballos que fixeron, coa recomendación aos pais e nais de que os comenten e valoren cos seus fillos/as.

Ao remate do curso, analizaranse os logros acadados e os aspectos que terán que modificarse no futuro. O Consello Escolar avaliará o grao de cumprimento desta, establecendo, se é o caso, as medidas correctoras oportunas, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que lle competen ao claustro.

Os instrumentos a utilizar serán cuestionarios, escalas de observación, enquisas, entrevistas, reunións entre os distintos participantes....

Os criterios de avaliación definímoslos como:

- ✓ Grado de consecución dos obxectivos.
- ✓ Adecuación das actividades aos destinatarios.
- ✓ Adecuación e suficiencia dos recursos.
- ✓ Adecuación da temporalización.
- ✓ Implicación dos participantes: Asistencia, participación, colaboración.
- ✓ Grao de satisfacción dos implicados.

Na avaliación dos procesos de *ensino e da práctica docente* na aula valoraremos, entre outros, os seguintes aspectos:

- Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas e proxectos programados e adecuación das adaptacións realizadas para o grupo de alumnos/as.
- Ambiente que se crea na aula para facilitar o proceso de ensinoaprendizaxe

- Actuación persoal.

Na avaliación a nivel de *equipo Directivo* teremos en conta os seguintes puntos:

- Desenvolvemento da programación en conxunto.
- Valoración da avaliación global dos alumnos/as
- Eficacia do sistema de coordinación entre os mestres para tarefas de programación, avaliación e organización.
- Funcionalidade das decisións tomadas sobre distribución de recursos humanos, materiais, espazos e tempos.
- Fluidez da comunicación entre a escola e os pais/nais.
- Funcionamento dos órganos colexiados e da dirección.

En resumo, o Plan Xeral Anual do Centro, garantirá o desenvolvemento coordinado da acción educativa e a resposta á diversidade do alumnado, así como o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno e a participación de toda a comunidade educativa.

Unha vez aprobado será de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade educativa.

Outubro 2022